

A Mancomunidad do Salnés pretende a contratación laboral, mediante concurso de méritos dun/ha Xefe de cuadrilla de peóns medioambientais; un Conductor/a de tractor rozadoira e catro Peóns medioambientais para a realización de funcións vinculadas ó servizo de conservación, limpeza e mantemento de espazos públicos da Comarca do Salnés.

A.- XEFE DE CUADRILLA DE PEONS MEDIOAMBIENTAIS

Requisitos mínimos esixidos:

- E.S.O. ou Ciclo medio de formación profesional ou equivalente.
- Un mínimo de 6 meses de experiencia profesional no posto de capataz forestal.

B.- CONDUTOR/A TRACTOR ROZADOIRA

Requisitos mínimos esixidos:

- Estudos Primarios.
- Un mínimo de 6 meses de experiencia profesional no posto de condutor/a de tractor rozadoira (grandes dimensións) de brazo lateral

C.- PEONS MEDIOAMBIENTAIS

Requisitos mínimos esixidos:

- Estudos Primarios.
- Un mínimo de 6 meses de experiencia profesional no posto de peón medioambiental/ forestal

(Os servizos prestados acreditaranse mediante certificación/informe expedida polo órgano contratante ou informe de vida laboral, entregándose copia dos documentos acreditativos dos méritos alegados).

Realizarase unha entrevista persoal e unha proba práctica no manexo da maquinaria específica para cada posto.

As persoas interesadas poderán consultar e recoller as Bases, así como o modelo de Solicitud de Currículo, nas oficinas e na páxina web da Mancomunidad do Salnés.

A presentación das solicitudes para participar neste proceso selectivo realizarase nas oficinas administrativas da Mancomunidad do Salnés, sitas en Paseo da Calzada s/n, Edificio Exposalnés de Cambados, no prazo de 7 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio nun diario.

En Cambados, a data da sinatura electrónica
A Presidenta

Asdo.: Marta Giráldez Barral